

## CONVENIO ENTRE MEDICOS DEL MUNDO E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2022.

---

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, con CIF: P1507900G, e domicilio social en Praza do Obradoiro s/n, 15.705 de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D./D<sup>a</sup> Gema Filgueira Garrido, con DNI número 33279106S, que intervéen neste acto en calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO**, con CIF G79408852 e domicilio fiscal en rúa Conde de Vilches 15, código postal 28028 Madrid, e domicilio a efectos de notificación na rúa Galeras 13 - 2<sup>o</sup>, oficinas 6 e7 código postal 15705, en Santiago de Compostela. Como entidade sen ánimo de lucro inscrita no rexistro nacional de asociacións co número 91009, e declarada de utilidade pública pola Orde ministerial de 17 de outubro de 1995; Iguamente atopase inscrita no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia co número E-980, e está en trámite a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións. Por tanto con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Interveñen ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

### EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o ao abeiro do disposto no artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. O Concello de Santiago para levar a cabo coa colaboración da **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, que de acordo co establecido no seu artigo 33 achegará a cantidade de **dez mil euros (10.000-€)** con cargo á aplicación orzamentaria **020 23103 4800004**.

É, polo que as partes

## MANIFESTAN

- I. Que a **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** ten como fins fundamentais conforme ao artigo 2 dos seus estatutos vixentes:
  - a. Actuar no ámbito da saúde coas poboacións en situación de pobreza e exclusión social, así como en situacións de crises humanitarias.
  - b. Atender a toda persoa en situación de sufrimento físico ou moral por violación dos seus dereitos humanos.
  - c. Realizar accións de sensibilización como medio para o cambio social así como para superar desigualdades e a inxustiza.
  - d. Denunciar as causas que as ocasionan e contribuír a implantar unha cultura de solidariedade e paz.

Para a consecución destes fins a **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO**, segundo o previsto no artigo 3 dos seus estatutos, orientará a súa propia actividade a desenvolver proxectos para a consecución dos seus obxectivos e realizar cantas actuacións sexan conducentes cara ao mellor logro dos seus fins.

- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir dar estabilidade á colaboración que se ven producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas do colectivo de persoas migrantes (inmigrantes e emigrantes retornados) require a implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social. En consecuencia,

## CONVEÑEN

### PRIMEIRO.- OBXECTO

É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que o **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** desenvolva durante o ano 2022 o Programa **Saúde integral: redución de barreiras e mellora do acceso e servizos sociosanitarios para persoas migrantes post covid.**

O presente proxecto ten por obxectivo contribuír a mellora do acceso e utilización dos servizos socio-sanitarios por parte da poboación migrante en situación de vulnerabilidade post covid. As accións van encamiñadas a facilitar a consecución do recoñecemento de dereitos fundamentais, especialmente o dereito a saúde, como forma de mellorar as condicións tanto sanitarias como sociais e facilitar a inclusión dun colectivo que afronta grandes eivas neste momento de especial precariedade.

As actividades desenvolveranse dende xaneiro de 2022 ata setembro de 2022, nun horario de 9-14:30 horas no local que Médicos do Mundo ten en Galeras nº 13, 2º piso porta 6 e 7 ou a través de vías telemáticas.

**NOME DA ACTIVIDADE:** Atención socio-sanitaria para garantir ou restablecer o seu dereito á saúde das titulares de dereitos

Intervencións profesionais de atención directa con persoas migrantes. Realizarase unha avaliación inicial sobre a situación socio-sanitaria da persoa usuaria, sobre a que se elaborará un plan de intervención baseado nas súas necesidades. Realizaranse intervencións como: información/formación, orientación e asesoramento, acompañamento, mediacións e coordinacións con diferentes administracións e organizacións; realizaranse distintas actividades tanto sociais como sanitarias, de mediación, reclamación ou denuncia de cara á superación das barreiras de acceso e utilización do sistema sanitario e do restablecemento do dereito á saúde.

**OBXECTIVO DA ACTIVIDADE:** Diminuír as barreiras de acceso e utilización do sistema socio-sanitario para as persoas migrantes en situación de vulnerabilidade.

**PERSONAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE:**

60 persoas migrantes: das que o 20% menores de 16 anos, 70% se comprenden entre os 16 e os 64 anos e o 10% e maior de 65 anos.

**SEGUNDO.- A ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Copia da escritura de constitución da entidade; e do poder de representación da mesma.

2.2.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago.

2.3.- Declaración xurada do representante legal da entidade de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.4.- Copia do CIF da Entidade

2.5.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

**TERCEIRO.-** Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade

sexual, ou a trata de seres humanos, ou explotación de menores. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

#### **CUARTO.- AMBITO TERRITORIAL**

O ámbito territorial de desenvolvemento das actividades será o municipio de Santiago de Compostela

#### **QUINTO.- PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

Persoas inmigrantes que residen no Municipio de Santiago de Compostela, de xeito regular ou irregular, así como persoas emigrantes retornadas residentes neste Concello e presentan vulneración do dereito á saúde segundo criterios do PIDESC

Coa finalidade de que desde a UAMI se podan facer derivacións, a entidade comprométese a facilitar á Unidade de Atención ás Migracións do Concello -a través do enderezo electrónico [migracions@santiagodecompostela.gal](mailto:migracions@santiagodecompostela.gal) – información detallada das datas, horario concreto e lugar de realización das diferentes actividades obxecto deste convenio, antes da realización das mesmas.

#### **SEXTO.- CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2022 a **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** coa cantidade de **10.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **020-23103-480004**, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a realización das actividades indicadas no punto primeiro deste convenio (gasto desagregado na solicitude de subvención, no modelo CS006E/I, na páxina 5).

**SÉTIMO.- ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da UAMI. Para isto:

7.1. Nas dependencias da entidade e no lugar onde se realicen as actuacións obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza **o anagrama e o lema: UAMI.Concello de Santiago**. A isto deberase engadir a lenda, de obrigada inclusión, de que dito programa ou actividade está financiada polo mesmo.

7.2.- Colocación do anagrama e o lema UAMI.Concello de Santiago en todo o material utilizado para a difusión pública das actividades obxecto deste convenio, así como nas páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión. A isto deberase engadir a lenda, de obrigada inclusión, de que dito programa ou actividade está financiada polo Concello.

#### **OITAVO.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio:

**8.1.-** Aqueles que de feito indubidable responden á natureza da actividade/programa subvencionado e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.

**8.2.-** As retribucións do persoal destinado á execución e desenvolvemento das actividades/programa subvencionados. Non serán subvencionables os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.

**8.3.-** Gastos derivados de elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, así como outros gastos correntes considerados estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade/programa subvencionable.

**8.4.-** En ningún caso son subvencionables gastos de manutención (comidas, servizos de restauración, etc) nin dietas relativas ao persoal que preste servizos no desenvolvemento do Programa.

**8.5.-** Non se consideran subvencionables aos efectos deste convenio os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados ao proxecto ou actividade subvencionada

**8.6.-** O orzamento desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos do proxecto/actividade/ obxecto do convenio achéganse na Solicitud de Subvención, Modelo CS006E/I

## **NOVENO.- XUSTIFICACION E FORMA DE PAGAMENTO**

O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención. Procederá a minoración do importe cando o orzamento executado teña un custe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada. **O prazo de xustificación rematará o 30 de setembro de 2022.**

Para facelo efectivo é condición necesaria que a **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **sempre tendo como data límite o 30 de setembro de 2022**, a seguinte **documentación para a xustificación do convenio**:

**9.1.- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto do presente convenio (**ANEXO I**).

**9.2.- Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (ANEXO II).** Deberá xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos medios de difusión utilizados. Ademais indicarse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública, e de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social. En caso de que se elabore e/ou reparta algún tipo de material financiado con este convenio, deberá ter o visto bo da UAMI, tanto o deseño e contido como os criterios de reparto, e, posteriormente, deberá facerse entrega de polo menos dous exemplares á UAMI.

**9.3.- Relación detallada de todas as subvencións ou axudas solicitadas**, concedidas ou percibidas doutros axentes, outras administracións, entes públicos ou privados para a mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola persoa representante legal da entidade (**ANEXO I**). No suposto que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá detallarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO III**. En ningún caso a contía da subvención só ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar a totalidade do custo da actividade/programa subvencionada ao albor deste convenio.

**9.4.- Relación detalla das facturas** (na que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO III**, desagregadas por conceptos segundo o orzamento presentado pola entidade.

**9.5.- Declaración da relación de nóminas/retribucións** das persoas destinadas a desenvolver a actividade/programa subvencionado (**ANEXO III**).

**9.6.-** No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

**A xustificación documental dos gastos** imputados á subvención, realizarase por algunha das seguintes formas:

**1.- Facturas oficiais**, que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado oitavo do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2022, debendo acreditarse o seu pagamento, preferentemente, mediante xustificantes bancarios con anterioridade a data límite de xustificación.

As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real Decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores. Concretamente: número de factura, data de expedición, obxecto do pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura número de identificación fiscal do que expide a factura, e o domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento de pagamento das factura das é obxecto.

As facturas relacionaranse detalladamente segundo o **ANEXO III**, desagregadas por conceptos consonte ao orzamento presentado pola entidade de acordo co ANEXO I.

De presentarse **facturas pagadas en efectivo** (para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade), o **importe máximo como xustificante do gasto admitido nesta modalidade de pagamento en metálico para os efectos de xustificación establécese en 300€** (trescentos euros) por factura (**ANEXO IV**). Non se admitirá, en ningún caso, o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o limite establecido neste paragrafo.

**2.-** No caso de imputarse á subvención **gastos de persoal**, deberá achegarse:

- Copia do contrato do persoal destinados especificamente á actividade ou programa obxecto de subvención.
- Nóminas de dito persoal traballador e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar nome da persoa, data de pagamento, o mes que se corresponde co dito pagamento, así como o concepto e o ordenante do pago.
- **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento-
- **Retención á conta do IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria
- **Certificado da empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola persoa titular ou pola persoa representante legal da entidade. En todo caso deberá acreditarme mediante declaración responsable de dita persoa, que o persoal obxecto de subvención está destinado a desenvolver o programa.

**A XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS GASTOS IMPUTADOS**, realizaranse dalgunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante **transferencia bancaria**, a través de copia do resgardo do cargo da mesma; e conterá, en todo caso, a data de transferencia, importe, concepto, número de factura, ordenante e provedor/a
  - **Cheque**. Ademais da copia asinada, xustificante mediante copia de certificado bancario que deberá indicar a data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
  - **Efectivo**. Acreditarase a xustificación do pagamento mediante factura na que deberá constar o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado”, a sinatura e data de pagamento, NIF do/a provedor/a, así como unha declaración responsable asinada pola persoa representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo aos fondos da entidade beneficiaria.
  - Para o caso de pagamentos realizados mediante **tarxeta de crédito/débito**, deberá achegarse a acreditación da titularidade da mesma, que deberá estar asociada á conta bancaria da entidade.
- A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 6ª.

## **DÉCIMO.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE XUSTIFICACIÓN**

A entidade aterase á presentación da memoria e dos anexos que forman parte deste Convenio. Estes non conterán ningunha epígrafe ou parágrafo manuscrita, agás da sinatura, no seu formato orixinal sen emendas nin riscadas, que darían lugar á inadmisión da documentación.

A presentación realizarase electrónicamente, na sede do Concello de Santiago, dirixindo a documentación de xeito claro á Unidade de Atención ás Migracións -UAMI-.

Ademais, a entidade deberá remitir, pola vía telemática, os anexos do convenio debidamente cumprimentados; deberá ser en formato de texto editable WORD (.doc ou .docx.) ao correo electrónico: [migracions@santiagodecompostela.gal](mailto:migracions@santiagodecompostela.gal).

**UNDÉCIMO- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2022.**

**DUODÉCIMO-** O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

**DÉCIMO TERCEIRO-** Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

**DÉCIMO CUARTO-** Con respecto aos libros e rexistros contábeis que deba levar a **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO**, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**DÉCIMO QUINTO-** De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dando lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

**DÉCIMO SEXTO-** O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta ES63 1491 0001 2130 0009 3638, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

#### **DÉCIMO SÉTIMO- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E TRANSPARENCIA**

**ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO** é a responsable única e directa do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e esta obrigada ao cumprimento das prescricións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo relativo á protección das persoas físicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estarlo durante a súa vixencia.

Darase cumprimento tamén das obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación en particular ás obrigas de publicidade activa.

A Asociación Médicos del Mundo queda obrigada a recadar unha autorización, das persoas beneficiarias das actividades obxecto deste convenio, na que expresamente autoricen para que o persoal da UAMI do Concello poda dispor dos seus datos de contacto, coa única finalidade de realizar as comprobacións e verificacións oportunas en relación co obxecto deste convenio.

#### **DÉCIMO OITAVO- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.**

Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

#### **DÉCIMO NOVENO- CARÁCTER DO CONVENIO**

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

A subscrición do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Concello de Santiago de Compostela e os profesionais, persoal voluntario, becario, etc da **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO**, que desenvolvan accións obxecto do mesmo; polo que a entidade comprométese a manter ao Concello indemne de calquera reclamación, sen poder esixirlle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022

Polo **CONCELLO DE SANTIAGO**

Pola **ASOCIACIÓN MÉDICOS DEL MUNDO**

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo  
ALCALDE

Asdo.: Gema Filgueira Garrido  
Representante Legal

ANEXO I  
DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TELÉFONO/S

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

1. Que a Entidade/Asociación \_\_\_\_\_ ten cumprido co obxecto do convenio asinado co Concello de Santiago no ano 2022, para o desenvolvemento da Actividade/Programa/Proxecto \_\_\_\_\_, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

2. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.

3. Que esta Entidade cumpre con todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria dunha subvención e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición á que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola que se aproba o seu regulamento e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Esta Entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nin co Concello de Santiago de Compostela.


E a tal efecto, **Presento:**

- Certificado de Situación de cotización da Tesourería xeral da Seguridade Social.**
- Certificado da Delegación Especial de Galicia da Axencia Tributaria.**
- Certificado da Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.**
- Certificado da Tesourería do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.**

5. A Entidade está de acordo coas actuacións de control e supervisión da subvención que se leven a cabo por parte do órgano concedente.

6. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

- Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:



CONCELLO DE  
SANTIAGO

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Santiago de Compostela, a de de 2022.

ANEXO II  
MEMORIA DO PROXECTO/PROGRAMA  
(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN

NIF

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución  
(Máximo 15 liñas)

**Obxectivos e prioridades.** Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados (Máximo 15 liñas)

**Persoas destinatarias.** Explicarase a quen se dirixiu o proxecto establecendo dous apartados: persoas inmigrantes e persoas retornadas, o seu numero, idades, sexo e país de procedencia.

**Persoas encargadas de desenvolver o proxecto.** Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución.

Nome e apelidos	Funcións levadas a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento (Máximo 15 liñas)

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto.

**Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto (Máximo 15 liñas)**

**Explicación de como se fixo a difusión e visibilidade do proxecto.** É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública; e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

**Persoa de contacto para realizar consultas sobre a presente xustificación**

<b>NOME:</b>	<b>APELIDOS:</b>
<b>FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE:</b>	
<b>ENDEREZO ELECTRÓNICO:</b>	<b>TELEFONO/S:</b>

**ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO PROXECTO.** Se o desenvolvemento do proxecto conlevou a execución de varias actividades, cubrir o seguinte esquema para cada unha delas.

**NOME DA ACTIVIDADE:**  
**OBXECTIVO DA ACTIVIDADE (Máximo 5 liñas)**  
**DESCRIBIR O QUE SE FIXO (Máximo 15 liñas)**  
**PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE.** Establecendo dous apartados: persoas inmigrantes e persoas retornadas, o seu numero, idades, sexo e país de procedencia.  
**LUGAR DE REALIZACIÓN:**  
**DATAS** (Indicar meses/días nos que comezou e rematou a actividade, e/ou número de horas se procede):  
**ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:**  
**RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**  
Santiago de Compostela, a                      de 2022

ANEXO III  
XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN

D. Entidade beneficiaria: NIF:	como representante legal de:
--------------------------------------	------------------------------

**CERTIFICO:**

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado:

Na súa totalidade  
 Parcialmente

Actividade ou programa: Datas de realización: Importe do Proxecto: Importe da subvención concedida:
--

2º.-Que os gastos xerados na/s actividade/s concreta/s do programa/s subvencionado/s son os seguintes:

**RELACIÓN DE FACTURAS**

CONCEPTO (1)	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	NIF PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	FORMA DE PAGAMENTO (2)	IMPORTE EN €

(1) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á sinatura do convenio, segundo o ANEXO I.

(2) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

3º.-**DECLARO** que a relación de **NÓMINAS/RETRIBUCIÓN**S das persoas traballadoras destinadas a desenvolver a actividade/programa \_\_\_\_\_ do convenio asinado co Concello de Santiago para o ano 2022, que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	% DA XORNADA LABORAL APLICABLE AO PROXECTO	IMPORTE NÓMINA APLICABLE AO PROXECTO*	IMPORTE SEGURIDADE SOCIAL APLICABLE AO PROXECTO*	DATA DE PAGO NÓMINA	FORMA DE PAGO	IMPORTE SEGUR. SOCIAL APLICABLE AO PROXECTO	DATA PAGO SEGURIDADE SOCIAL	FORMA PAGO SEGUR. SOCIAL

\*Importes vinculados ao % da xornada laboral que se detallou, no caso de non aplicarlle a este Convenio o 100% da xornada

4º.- Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a .....

**5º.- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:**

Non ten concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicitou esta subvención.

Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicitou esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución

6º.- Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Santiago de Compostela, a de de 2022



ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO  
FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TFNO/S

CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

**DECLARO** ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada \_\_\_\_\_ obxecto do convenio, , de conformidade co establecido na **cláusula sétima** do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

**A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.**

- Apórtanse como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla páxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:


- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.


En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**